NOMES DAS VACAS EN GALICIA

Raquel Aira González

1. Introdución

Cando se fala de onomástica, veñen á cabeza termos como antroponimia ou toponimia, así e todo esta ciencia non só ten por obxecto de estudo os nomes propios persoais e de lugar, senón que se ocupa do estudo do nome propio en xeral, categoría ampla que inclúe outros grupos, como os zoónimos (nomes propios de animais), os ideónimos (nomes de distintas creacións artísticas, ideolóxicas, creativas; por exemplo o nome dunha obra escrita, o título dun ballet...), os ecodomónimos (nomes de edificios públicos ou privados), os astrónimos (nomes de corpos celestes), os naónimos (nomes de embarcacións), os eclesiónimos (nomes de construcións de tipo relixioso), etc.

O costume de pórlles nomes ós animais con que o home convive para individualizalos forma parte dun antigo legado cultural que xa se pode observar no mundo greco-latino, pero que, de certo, ten a súa orixe no momento en que os humanos comezaron a domestica-los animais salvaxes, hai miles de anos. Cans, gatos, cabalos, paxaros, gando vacún... acompáñannos no noso vivir cotián, pero non todos teñen a mesma importancia para nós, xa que o beneficio que nos proporcionan é moi distinto. Isto é fundamental á hora de imporlles nomes, posto que o afán denominador é moito máis forte para aqueles animais que ofrecen un maior servizo. O gando ten unha importancia fundamental en Galicia, eminentemente rural, tanto pola súa abundancia e gran calidade, como polo papel que desempeña dentro da economía rural, especialmente o vacún, que constituíu e constitúe a base da economía campesiña. Ademais dos beneficios económicos que este gando lle poida proporcionar ó campesiño galego, tamén lle subministra materias como o leite, a carne ou o coiro para cubri-las súas necesidades básicas. E non só isto, ata non hai moito tempo, estes animais vivían en perfecta harmonía cos seus donos dentro da casa labrega, xa que ocupaban a parte baixa, mentres que a xente habitaba a planta alta para aproveita-la

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 516

calor que no inverno desprendían e para telos o máis preto posible de xeito que os puidesen atender con maior comodidade.

A raza vacúa ten moita vellez na nosa terra e a súa historia sempre vai parella ó decorrer do vivir do home. Nas escavacións que se realizan nas zonas dos antigos hábitats celtas non resulta estraño que os arqueólogos atopen xunto con cacharros de barro, pías, maseiras ou muíños de man, anacos de esqueletos vacúns. Tamén os romanos aproveitaron os servizos dos bovinos e fixéronnos herdeiros de moitas das súas técnicas de labranza. Durante a Idade Media, a partir dos documentos que se conservan da época, pódese constata-la importancia da gandería no noroeste peninsular, xa que entre os séculos VIII e IX a cabana gandeira se atopa totalmente configurada dun xeito que perdurou ata a industrialización das terras e a aparición do tractor. Nos textos medievais menciónase constantemente o gando vacún, que aparece representado por bastantes reses. A partir do segundo terzo do século XVII prodúcese un descenso da gandería vacúa, xa que foi o momento en que o millo eclipsou o cultivo da cebada, da avea e do pasto, que constituían o sustento do gando vacún. Segundo Xavier Castro (1992:132):

> antes de 1630, a vaca e o boi eran animais que practicamente estaban ó alcance da maior parte dos labregos. Podería dicirse que a vaca era o animal do pobre por excelencia. Pois ben, a partir da data indicada, un de cada tres veciños, ou mesmo un de cada catro, veranse privados de ter unha cabeza de vacún.

Malia todo, durante o século XVIII, a cabana vacúa seguía a ser bastante abondosa, aínda que neste momento se produciu a preferencia polas vacas sobre os bois, feito que explica que estes quedasen relegados, posto que a vaca é máis polivalente có boi; ademais de desempeña-las súas funcións agrícolas, proporciona leite e os seus derivados xunto con cuxos, que teñen unha grande importancia para o potencial económico labrego.

No eido galego, non existen actualmente estudos dos zoónimos, por iso investigacións como a que a seguir presentamos son necesarias, non só polos datos onomásticos que proporcionen, senón tamén pola relación que a onomástica mantén co léxico común, xa que é unha fonte para a súa recuperación e enriquecemento[1].

Nesta comunicación centrarémonos na onomástica vacúa galega, fundamentalmente na dos individuos femias, aínda que tamén faremos referencia ás denominacións de touros e bois.

A partir dun corpus amplo, tentaremos establecer, desde un punto de vista motivacional, unha tipoloxía das formas onomásticas que actualmente funcionan para nomea-las vacas, bois e touros. Ademais de facer unha clasificación do material con que contamos, indicaremos cáles son as razóns culturais, psicolóxicas, antropolóxicas, fisiolóxicas... que permiten explica-la imposición destes nomes. Os datos obtidos serán cotexados e completados con datos tirados das obras literarias galegas e de estudos de antropoloxía.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 517

A perspectiva que imos adoptar é fundamentalmente sincrónica, aínda que tamén se achegarán datos sobre a evolución do sistema onomástico vacún desde a Idade Media ós nosos días.

A finalidade última deste traballo é deixar constancia dunha rama da onomástica galega que, co tempo, terminará por verse moi minguada, xa que, por operatividade, os nomes das nosas vacas comezan a ser substituídos por unha cifra numérica. Actualmente, as pequenas explotacións gandeiras, que son as que manteñen viva a tradición de nomea-los bovinos[2], están sendo eclipsadas polas grandes explotacións onde as decenas de vacas son identificadas mediante un número.

2. Elaboración do corpus

Para realizar esta investigación partimos dun corpus de nomes amplo. As denominacións foron xuntadas a partir de tres fontes distintas:

1. *Realidade denominativa actual e de épocas pasadas*. Mediante unha enquisa foron recollidos nomes actuais de animais vacúns correspondentes a 1043 individuos femias e 64 bois e touros. Nas enquisas recolleuse a explicación que os donos dos animais proporcionaban sobre os motivos que os levaron á imposición dunha ou doutra denominación. As enquisas foron realizadas en certos lugares das comarcas arzuá (nos concellos do Pino, Arzúa e Touro), a terra de Lemos (nos concellos de Monforte de Lemos e Bóveda) e A Fonsagrada (no concello da Fonsagrada). A maior parte dos nomes dos individuos machos foron recollidos recorrendo á lembranza das xentes.

2. *Fontes literarias e antropolóxicas*. Nas obras de literatura e antropoloxía galegas a vaca e o boi aparecen constantemente, xa que foron uns dos elementos fundamentais da nosa sociedade agraria. A maioría dos datos manexados foron tirados da *Base de datos lexicográfica para a elaboración dun dicionario da lingua galega moderna*, proxecto que dirixe o profesor Antón Santamarina no *Instituto da Lingua Galega*. As obras pertencen todas ó século XX, concretamente abarcan desde o ano 1909 ata o 2000.

3. *Documentación medieval*. Consultamos moitos documentos medievais galegos, tanto escritos en latín como en romance, para poder ver pegadas do procedemento denominativo estudado.

Non botamos man de certos catálogos de sementais galegos nin de listaxes de vacas de razas autóctonas que hai publicados porque os nomes aquí recollidos son só administrativos e a súa imposición é aleatoria.

3. ¿Boónimo, bovónimo, taurónimo ou vacónimo?

Cando comezamos este traballo, presentóusenos a dúbida de cál era a forma léxica que designaría o «nome propio que recibe o gando vacún».

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 518

A categoría dos zoónimos é moi ampla, xa que inclúe os nomes propios de tódolos animais, non só dos mamíferos senón tamén dos paxaros, peixes, réptiles, insectos,... Dentro dos zoónimos existen categorías para denomina-lo nome propio de certos animais que contan cunha maior tradición de emprego por parte dos estudosos da onomástica; así un *ailurónimo* (do grego αιλουροζ 'gato' + ονο α 'nome') é un nome propio de gato, un *cinónimo* (do grego κιων 'can' + ονο α 'nome') é un nome de can ou un *hipónimo* (do grego ιπποζ 'cabalo' + ονο α 'nome') é un nome dun cabalo. Con todo, non contamos de momento cun termo establecido que designe o nome individual dunha vaca, boi ou touro, pois este é un campo moi pouco estudado[3]. Con todo, e como afirma Adriam Room, outras categorías poden ser creadas para designar outros grupos de animais, por exemplo, un *ornitónimo* podería designa-lo nome propio dun paxaro, un *piscónimo* o dun peixe, un *insectónimo* o dun insecto (1996:107). A simple vista comprobamos como, de maneira maioritaria, se empregan bases gregas para formar este tipo de neoloxismos, aínda que non hai nada que impida empregar bases latinas.

Chegado este punto, contamos con algunhas posibles voces latinas e gregas que poderían funcionar como base para forma-lo neoloxismo que designaría o nome propio dunha vaca, boi ou touro. En latín existía VACCA, -AE 'vaca', BOS, BOVIS 'boi, vaca' e TAURUS, -I 'touro' e en grego βουζ - βοοζ 'boi, vaca' e ταυροζ - ταυρου 'touro'. Os posibles neoloxismos formados a partir das bases anteriores serían: *boónimo*, *bovónimo*, *taurónimo* e *vacónimo*.

Para sermos coherentes coa tendencia maioritaria no ámbito onomástico de empregar bases gregas para a formación de voces que designen o nome propio dun animal, consideramos que a voz *boónimo* (< grego βουζ) é a máis axeitada como concepto xeral para o nome de vacas, bois e touros. Igual de válida como termo xeral sería a voz *bovónimo* (latín BOVE), pero, posto que de *bove* deriva a nosa palabra *boi*, pode ser reservado ese termo para expresa-lo sema [- macho reprodutor][4]. Pola súa banda, *taurónimo* e *vacónimo* estarían caracterizados polos semas [+ macho reprodutor] e [+ femia] respectivamente.

Nomenclatura	Concepto expresado
Boónimo	Inclúe os *bovónimos*, *taurónimos* e *vacónimos*.
Bovónimo	Nome propio dun macho vacún castrado.
Taurónimo	Nome propio dun macho vacún semental.
Vacónimo	Nome propio dunha femia vacúa.

4. Antecedentes do proceso denominativo vacún.

O desexo de diferenciar e individualiza-los bovinos xa se pode observar en obras de autores latinos, aínda que non atopamos ningún caso de nome propio aplicado ós *boves*; moitos exemplos son especificacións relacionadas coa color da súa pel[5].

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 519

En documentos galegos da Idade Media que nos transmiten testamentos, doazóns, inventarios de bens, taxacións de bens, compra-vendas, permutas, litixios, foros, etc., as vacas, os/as becerros/-as, as xovencas, as novelas, os bois ou os touros aparecen constantemente mencionados, aínda que de xeito maioritario non presentan nome propio. Moitas son alusións vagas: ano 933, «equas, cauallos, boues, uacas, peccora» (Lucas 1986:96); ano 1082, «do ibidem ipsas villas, domos coopertas cum edificiis suis, casares, solares, torculares, bobes, vacas, oves, capras, porcos» (Lucas 1988: 181); ano 1094, «media de illa iouenca» (CD: 397); ano 1474, «un almallo» (CD: 65); outras, simples alusións con especificacións numéricas: ano 935, «equas X, uaccas XX, boves XVIII, oues L» (Loscertales: I, 145); ano [944], «vaccas vitulatas X, iuvencas V, boves XI» (Lucas 1986:126); ano 1019, «boues X, vaccas XXX^{a}, ouelias XXX^{a}, oues C^{m}, capras LXX^{a}, porcos XXX» (Loscertales: I, 142)[6]. Aínda que non é o máis abundante, obsérvase xa o desexo de identifica-los individuos vacúns mediante a adxunción ó apelativo dun modificador, que está relacionado:

– Coa color: ano 835, «boue colore marceno[7]» (Loscertales: I, 51), ano 860, «boue colore nigro» (Loscertales: I, 106); ano 935, «uaca una colore rubea mostila[8]» (Sáez: I, 115); ano 1011, «bouem colore uario»[9] (Lucas 1986: 253); ano 1457, «húa vaca vermella, bragada»[10] (Tato: 108); ano 1520, «una baca blanca (...) e otra baca fusca[11]» (Ferro: I, 227); ano ? «iouenca loura muza[12]» (Loscertales: I, 429). Este mesmo procedemento é constatado en documentos medievais casteláns, cataláns e portugueses por Aebischer (1950:32), asturianos por Perfecto Rodríguez (1983:93) e italianos por Beggio (1971-2:479-491).

– Coa idade: ano 1115, «vaca tenraria» (Fernández: 398); ano 1474 «hun beserro anello (...) outra vaca vella» (CD: 65 e 70); ano 1520, «una filla de dous anos e otra baca fusca con un becerro synado de tres anos» (Ferro: I, 227).

– Co físico: ano 1457, «vaca vermella, bragada, de húa orella fendida» (Tato: 108); ano 1474, «dous boys grandes (...) outros dous boys pequenos» (CD: 66).

– Co estado: ano 905, «uaca uitulata» (Loscertales: I, 98); ano 1020, «vaccas II^{as} preniatas» (Lucas 1986:192); ano [1020-1052], «II vacas vituladas» (Lucas 1986:81); ano 1292, «mando a Domingo Pérez e a Esteuoo Pérez mea dua vaca enteira con seus fillos» (Ferro: I, 49)[13].

– Co lugar de hábitat: ano 1292, «a mea dua vaca que anda en Fonteela (...) e mándolle o meu quiñón da bezerra que ago en Fogio (...). Mando a Tereija, mia filla, mea dua juuianca que anda en Cas de María de Vilar» (Ferro: I, 49); ano 1474, «dous boys que estan en Babeça» (CD: 66).

– Coa filiación: ano 1292, «bezerra, filla da Calueliña» (Ferro: I, 49).

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 520

Tamén documentamos algún nome propio[14], o que pon de manifesto que o costume de nomea-los vacúns xa funcionaba outrora: ano 1292, «do coy ro da Calueliña» (Ferro: I, 49); ano 1296, «vna uaca que auía nome Calua» (DMontederramo); ano 1315, «a mja uaca que á [n]ome Ffremosa» (DMontederramo)[15]. O nome Calveliña é un derivado diminutivo, probablemente agarimoso, de Calva. Este nome propio, xunto cos seus posibles derivados, comezou sendo un apelativo aplicado a vacas sen cornos. Beggio (1971-2:483) afirma que, en documentos altomedievais italianos, é frecuente a individualización dos bovinos facendo referencia a algunha característica dos cornos; entre elas destaca a de teren os cornos cortados como se pode observar en: «vacha rubea et calva» (vaca rubia e sen cornos), «mancius rubeus cum cornibus calvis» (vitelo de cor rubia carente de cornos).

5. Clasificación e motivación da onomástica das vacas galegas

O bautismo dun bovino cun determinado nome obedece a motivos evidentes unhas veces, outras, a causas descoñecidas, mesmo para o propio dono do animal. Por iso, antes de facérmo-la clasificación e explicación dos boónimos recollidos, é preciso aclarar que en moitas ocasións o que leva a impoñer un ou outro nome non está relacionado coa denotación da voz empregada. Isto é debido a varios motivos:

1. Os donos do bovinos non sempre son conscientes do significado do nome imposto. Facendo uso da lembranza, póñenlles ós seus animais nomes tradicionais, que sempre funcionaron como vacónimos, pero que xa non forman parte do seu caudal léxico. Ocorre isto con *Cachorra*, *Gallarda*, *Novela* ou *Piñeira*.

2. O feito de que nunha explotación haxa moitas vacas obriga os gandeiros a impor nomes de xeito aleatorio para evita-la repetición.

3. Cando as vacas que posúen os informantes son todas da mesma raza (sobre todo pintas ou rubias), os nomes que se lles poñen ós animais son os que ós donos se lles van ocorrendo, acáianlles ben ou non ós bovinos.

4. Algúns animais herdan o nome dos seus pais, e mesmo doutro animal que morreu ou foi vendido. Este nome, que era axeitado para o seu antecesor, non garda ningunha relación co novo portador.

A clasificación motivacional que imos presentar está feita en función dos datos que nos proporcionaron os informantes e, cando non contamos con información, a partir do significado bovino que esas voces, de seren apelativos, poidan ter na lingua. Somos conscientes de que algúns nomes poderían ser considerados en varios grupos, aínda que sempre demos prioridade á explicación que nos deron os informantes acerca do motivo da súa imposición para decidi-la inclusión nun ou noutro grupo[16].

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 521

5.1. Cor da pel

A cor do pelame dos bovinos constitúe un elemento primordial para a súa diferenciación, xa que presenta unha gran variedade cromática que vai desde o negro ata o branco pasando polo gris, marelo, rubio, marrón ou pola combinación de dúas ou máis cores. Posto que rexistramos a presenza de voces referidas á cor que son aparentemente sinónimas ou de tonalidades próximas, tentamos facer unha agrupación por campos semánticos. Esta tarefa non nos resultou nada doada, xa que puidemos comprobar como non se deben confundir significado e designación (referencia ó extralingüístico), posto que na relación que manteñen os signos léxicos coa realidade hai moita subxectividade, moita apreciación individual. Malia posuí-los nomes de cor un significado preciso ben delimitado (resultante de principios lingüísticos), cada falante ten a súa percepción das cores. Por outro lado, non só os termos que denominan cores foron os empregados polos enquisados para referirse á cor da pel, senón que tamén recorreron a outras voces, sobre todo de animais[17], que representaban perfectamente algunha cor concreta.

Os subgrupos que fixemos foron os do: branco, gris, negro, amarelo, vermello, castaño e multicolor.

5.1.1. Branco

O nome máis empregado que remite á cor branca é o propio nome da cor, xunto cos seus derivados: Blanca (16), Blanquiña (1), Blanquita (3), Branca (3).

Ademais do nome da cor, tamén rexistramos co mesmo valor os vacónimos *Doctora* (1), *Galaxia* (1), *Paloma* (40), *Pomba* (1), *Raiola* (1). A relación que estes últimos manteñan co branco é clara; todos posúen o sema [+ branco]. Non se rexistrou a voz *alba* de carácter máis culto e que si que era frecuente na formación da onomástica persoal medieval.

A propósito do vacónimo *Paloma*, temos que aclarar que inda que moitas da vacas que portan este nome non eran totalmente brancas (8 eran brancas na súa totalidade), é a presenza do branco na súa pel, por seren vacas pintas (10), por seren case todas brancas (7), por presentaren unha cor moi clara case branca (agrisada, marrón moi clara), a que pesa no subconsciente dos donos á hora de imporlles ese vacónimo.

5.1.2. Gris

Non son moitas as voces empregadas para referirse a esta cor. A voz *gris*, color resultante da mestura de branco e negro, conta con pouca tradición na fala, xa que no propio latín non existía (no seu lugar empregábase *canus* 'gris claro", *columbinus* 'gris pomba', *cinereus* ou *cineraceus* 'gris cinsa', *murinus* 'gris rato' e *pullus* 'gris tirando a negro'). Os termos rexistrados son adxectivos que remiten á cor da borralla ou cinsa: *Aborrallada* (1), *Cincenta* (1), *Parda* (4) e dos ratos: *Ratina* (12). Só nun caso

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 522

se rexistrou *Roxa* (1) para facer referencia a unha cor agrisada. O adxectivo *roxo, -a* na nosa lingua aplicado ó pelo dos animais pode ter tres significados, un é o de cor agrisada, outro é sinónimo dun dos significados de *rubio* 'que ten o pelo tirando a vermello' e o outro sinónimo de *marelo* 'da cor dourada ou algo máis escura'.

Incluímos nesta alínea o vacónimo *Parda* porque o adxectivo *pardo, -da* na nosa lingua, ademais de facer referencia a unha cor marrón escura, tamén, nalgunhas zonas, indica unha cor gris escura.

5.1.3. Negro

Ademais de *Negra* (34) e de *Negrita* (2), só é significativo cuantitativamente o emprego de descendentes do latín MAURUS para expresar este trazo cromático, referímonos a *Mora* (27), *Morita* (11) e *Moura* (1)[18].

Só se rexistrou unha vez o vacónimo *Toupa*, que portaba unha vaca de cor negra e ademais de pequeno tamaño.

5.1.4. Amarelo

Esta voz aplicada á pel dos animais indica unha color semellante ó ouro ou algo máis escura, unha cor castaña moi clara. Esta tonalidade do amarelo non só vén expresada polo vacónimo *Marela* (44), senón tamén por *Loura* (2) e *Roxa* (5).

O vacónimo *Loura* aparece tamén incluído no grupo do castaño, xa que aplicado ó pelo do animais, ademais de indicar unha cor castaña moi clara (a dos cereais maduros), tamén remite a unha cor castaña moi escura.

5.1.5. Vermello

Neste grupo incluímos adxectivos e substantivos mediante os cales se pretende salienta-la tonalidade vermella da pel, ben sexa de cor castaña tirando a vermella, amarela tirando a vermella ou alaranxada. Os vacónimos rexistrados foron: *Barrosa* (1)[19], *Cereixa* (2), *Cireixa* (7), *Ferreira* (2)[20], *Guinda* (1), *Laranxa* (1), *Parda* (21), *Roxa* (17), *Rubia* (46), *Vermella* (8).

5.1.6. Castaño

Os vacónimos relacionados con esta cor fan referencia a tonalidades máis ou menos claras do castaño. En función dese parámetro e por orde ascendente temos: *Castaña* (9), *Teixa* (8), *Loura* (4), *Morena* (22) e *Murena* (1)[21].

5.1.7. Multicolor

Moitas das nosas vacas presentan un pelame en que sobresaen dúas ou máis cores. Varios son os vacónimos que remiten ás distintas combinacións das cores da pel:

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 523

a) Pintas negras combinadas con pintas brancas: *Anduriña* (2), *Golondrina* (1), *Lunares* (1), *Manchitas* (1), *Pinta* (43)[22], *Pintomina* (1)[23].

b) Pintas rubias e brancas: *Pasiega* (6) e as súas variantes *Paxiega* (1), *Paxega* (3), *Pexega* (1).

c) Cara de cor branca e corpo doutra cor ou cara de dúas ou máis cores: *Careta* (29).

d) Pel xaspeada, con varias tonalidades: *Garduña* (2). As vacas que portaban este nome presentaban unha combinación de varias cores: roxa, loura, teixa, castaña.

5.2. Características físicas

As calidades físicas das vacas e no seu defecto a ausencia ou deterioro dalgún elemento significativo da súa fisionomía son fundamentais para explicar moitos dos vacónimos.

A seguir presentamos os nomes incluídos neste apartado agrupados en torno á parte do corpo ou á característica deste con que se vinculan.

5.2.1. Cornos

O atributo físico máis significativo e rechamante dos bovinos son as cornas, ben polo seu tamaño, pola súa forma, pola súa orientación ou pola súa ausencia.

Ás vacas de cornos grandes pónselles *Cachena* (1)[24], *Carballiña* (1), *Corneta* (2), *Cornetín* (1), *Cornuda* (3), *Gallarda* (31), *Galleira* (4), *Picona* (1), *Piñeira* (2), *Pisco* (1). Os vacónimos *Gallarda, Galleira, Piñeira* e *Pisco* son os máis tradicionais, xa que non só aparecen recollidos nos dicionarios máis antigos (Franco Grande, Piñol, Carré, Eladio Rodríguez) e no *Glosario de voces galegas de hoxe* de Constantino García como adxectivos ou substantivos que se lles aplicaban ás vacas ou bois que tiñan *cornos grandes, abertos e orientados cara arriba*[25], senón que moitos dos nosos informantes especificaban que se trataba de nomes de outrora. Actualmente, estes adxectivos están desaparecendo do léxico común galego, de feito a maior parte dos dicionarios modernos non os recollen. Malia todo, na sabedoría popular, aínda segue viva a lembranza da motivación destes nomes, mesmo no caso de *Gallarda* un dos informantes especificou que antes era frecuente dicir «ten os cornos gallardos» para referirse a un bovino que tiña os cornos como máis arriba explicamos. Respecto deste vacónimo hai que dicir que non se pode descarta-la posibilidade de que sexa un nome que se impón debido a que a vaca nomeada é un exemplar bo, grande e belo, aínda que estes serían casos minoritarios porque *gallardo, -da* co significado de 'esvelto, ben feito' non conta con moito uso na fala común. Con todo, nalgunhas obras de antropoloxía galega este vacónimo aparece explicado dese xeito (Mariño: 82).

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 524

Os vacónimos opostos ós anteriores que rexistramos foron *Mona* (12), que como adxectivo fai referencia á ausencia de cornos, *Mouca* (1), que indica a falta dun corno, e *Cornecha* (1), que nomea un animal tamén carente dun corno, polo que o sufixo *-echa* ten valor despectivo.

Cando os cornos das vacas están tortos e miran cara abaixo, como se de ganchos se tratasen, os nomes que se lles poñen son *Broca* (3) e *Cabana* (4). Tamén rexistrámo-lo vacónimo *Brocas* (1). Esta forma plural pode ser debida á redución do sintagma «cornas brocas».

Cabana é un vacónimo tradicional, pero as persoas que llo puxeron ás súas vacas xa non son conscientes do seu significado.

5.2.2. Pelo

A presenza de moito pelo no coiro que cobre as vacas explica o vacónimo *Peluda* (3). Se o pelo é lixeiramente crecho, o nome que se lles pon é *Riza* (1) ou *Rizos* (1).

5.2.3. Ollos

Os defectos que poden presenta-los animais relacionados coa vista tamén se reflicten na boonimia. Así recollemos *Birolla* (1), *Chosca* (3), *Ciega* (1).

Algunhas vacas teñen os ollos algo achinesados, de aí o vacónimo *China* (2).

5.2.4. Pernas

Os vacónimos rexistrados relacionados coas patas das vacas remiten á maneira de camiñar: *Coxa* (2) e *Estrangallada* (1).

5.2.5. Cu

O único nome incluído neste grupo, *Culera* (1), ten a súa orixe no sarcasmo, xa que o portaba unha vaca que non deu parido ben a primeira vez.

5.2.6. Rabo

A ausencia de rabo ou a falta dun anaco explica o vacónimo *Rabena* (3); pola contra, se unha vaca ten un rabo pequeno, moi curto, recibe o nome de *Rabela* (1).

5.2.7. Tetos

Este atributo vacún resulta sempre moi rechamante á vista da xente, así e todo non é significativo á hora de impor un nome. O único vacónimo que recollemos relacionado co ubre é *Figueira* (2), que remite á presenza de figueiras nesta parte do corpo. As figueiras son grandes espullas que moitas veces invaden o ubre das vacas. A voz común está motivada por unha metáfora relacionada co aspecto exterior das verrugas, que na imaxinación popular poden semellar figos. Aínda que é evidente a

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 525

motivación deste vacónimo, na súa imposición funcionan moito as crenzas populares, xa que era un nome imposto despois dun ritual segundo o cal se lle pasaba unha vasoira de varre-lo forno polo ubre á vaca para curala. Despois desta operación impoñíaselle este nome e á vaca xa non lle volvían saí-las verrugas.

5.2.8. Testa

Moitas das nosas vacas presentan unha pequena pinta branca nunha testa de cor escura. Esta marca pode suxerirlle á persoa que lle impón o nome ó animal portador unha lúa, unha estrela, un luceiro, unha cuncha,... feito que xustifica as formas *Conchada* (1), *Cunchada* (1), *Estrela* (1), *Estrella* (9)[26], *Lúa* (1), *Luceira* (1), *Lucera* (11), *Luna* (3).

Os vacónimos *Conchada* e *Cunchada* son moi tradicionais, aínda que hoxe se empreguen desprovistos do seu significado orixinario 'animal cunha mancha na fronte con forma de cuncha'. Con este significado aparece *conchado, -da* no diccionario de Franco Grande, aínda que noutras obras lexicográficas[27] máis modernas o mesmo adxectivo aplicado a animais vén definido como 'animal de cor escura coa cara branca'. Supoñemos que a cor branca á que fai referencia a definición pode ser unha simple pinta.

5.2.9. Forma do corpo

En canto á forma do corpo, rexistramos vacónimos que salientaban a redondez da vaca, é dicir, a súa barriga inchada: *Pelota* (1), *Porrón* (1), *Redonda* (3)[28].

Antigamente, cando un animal tiña o lombo afundido por mor dun golpe dicíase que era *pando, -da*. Nós recollémo-lo vacónimo *Panda* (2), pero xa desprovisto dese significado aplicado a bovinos.

5.2.10. Tamaño do corpo

Os vacónimos que indican o tamaño da vaca nomeada son transparentes: *Cachorra* (17) (vaca grande), *Enana* (1), *Grande* (3), *Mosquita* (2), *Pequena* (15) e *Toura* (28).

A propósito do vacónimo *Toura*, cómpre salientar o feito de que, aínda que actualmente se emprega para designar vacas grandes, con boa cornamenta, fortes, que turran, como se de touros se tratasen, antigamente era o nome que se lles daba a aquelas vacas estériles que non daban quedado preñadas.

5.3. Antropónimos

O nome ou alcume dos donos dos animais e das súas respectivas casas, xunto cos nomes dos seus familiares ou coñecidos, constitúen unha fonte á que recorrer para dotar de individualidade as vacas mediante a imposición dun nome propio.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 526

Cando unha vaca é comprada a outra persoa, normalmente incorpórase á nova familia co nome do seu dono anterior, co seu alcume ou co alcume que recibe a súa casa. De se-lo dono antigo unha muller, o nome imposto non sofre modificacións significativas, só recollemos un caso en que este recibe un sufixo diminutivo: *Asunción* (1), *Belinda* (1), *Carruxa* (1), *Dorinda* (1), *Lolita* (1) (a súa anterior dona era Lola), *María* (1), *Mariña* (1), *Maruxa* (2). Se o dono anterior era un home, normalmente o seu nome ou alcume (persoal ou familiar), é feminizado: *Antonia* (1) (fora de Antonio), *Couceira* (1) (fora de Couceiro), *Farruca* (1) (fora de Farruco), *Fondoralla* (1) (fora da casa do Fondorallo), *Laxa* (1) (o dono fora Laxe), *Ligera* (1) (fora dun home alcumado Ligero), *Maralla* (1) (fora da casa do Marallo), *Porqueira* (1) (fora de Porqueiro), *Suíza* (1) (fora dun home alcumado o Suízo), *Tesa* (1) (fora da casa do Teso). Nalgún caso o nome do dono recibe un sufixo con morfo feminino: *Condesa* (1) (fora de Conde), *Ferrita* (1) (fora de Ferro), *Paquiña* (1) (fora de Paco). En dous casos o nome do antigo dono mantense sen variar: *A de Ferro* (1) e *A si Dios quer* (1).

Menos frecuente é que os donos dos animais lles poñan nomes pertencentes a algúns dos seus familiares ou coñecidos, como poden ser *Estreliña* (1), *Lloli* (2) ou *Tirana* (1). Este último vacónimo non está relacionado co significado negativo de *tirana*, senón que resultou dunha combinación da forma verbal *tira* + o nome persoal feminino *Ana* (a tal Ana tivera que axudar no nacemento da vaca).

Outro grupo de vacónimos que remiten a antropónimos é o constituído polos que foron impostos en lembranza dalgún personaxe famoso: *Carlota* (1) (naceu o día do aniversario de Carlota de Mónaco), *Heidi* (1), *Neli* (1) (pola presentadora do *Supermartes*), *Pamela* (1) (polo personaxe da serie *Dallas*), *Paola* (1) (polo personaxe da telenovela *La usurpadora*), *Pinocha* (1) (por Pinocho), *Pitusa* (1) (polo personaxe de *Mareas vivas*), *Sabrina* (1) (pola cantante), *Xaquira* (1) (pola cantante).

Sen ningún motivo aparente, recollemos os nomes: *Carolina* (1), *Catuxa* (1), *Chola* (1), *Chona* (1), *Dani* (1), *Elsa* (1), *Filomena* (1), *Lorena* (1), *Luca* (1), *Macarena* (2), *Manuela* (1), *Margarita* (1), *Marlén* (1), *Marta* (1), *Patricia* (1), *Peruca* (1), *Pepa* (1), *Piruca* (1), *Rosa* (1), *Rosita* (1) e *Yony* (1).

5.4. Zoónimos propios doutros animais

Sen saber cál é o motivo da súa imposición, recollemos catro vacónimos que non son propios de bovinos senón das eguas, dos cans e das ovellas respectivamente: *Cuca* (9)[29], *Cuquiña* (1), *Lulú* (1), *Perica* (2)[30].

5.5. Nomes comúns de animais

Como xa indicamos máis arriba, incluímos aquí aqueles vacónimos que son nomes comúns que designan distintos animais e dos que non se nos proporcionou información sobre a súa motivación: *Gata* (1), *Jilguera* (1) *Jirafa* (1), *Pantera* (1), *Pichona* (4), *Rola* (1), *Rula* (1), *Sardiña* (1).

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 527

5.6. Razas

O nome que designa a raza á que pertence unha determinada vaca funciona tamén como nome propio: *Asturiana* (2), *Charolesa* (1)[31], *Frisona* (1), *Gallega* (1), *Holandesa* (1), *Navarra* (3), *Suíza* (7), *Vianesa* (1)[32].

5.7. Consideración boa ou mala do animal

Neste grupo incluímos aqueles vacónimos que poñen de manifesto a imaxe positiva ou negativa que deses animais teñen as persoas que de tal xeito os bautizaron. Case tódolos nomes fan referencia á boa consideración, que non deixa de estar cargada de emotividade e subxectividade, con que contan as súas portadoras, que ademais fan honor a tan alta estima, xa que polo xeral son boas vacas: *Bonita* (4), *Campeona* (1), *Coqueta* (1), *Corala* (1), *Crispina* (1), *Galana* (1), *Garbosa* (2), *Garrida* (1), *Guerrida* (1), *Leiteira* (2), *Linda* (38), *Mariposa* (3), *Marquesa* (4), *Mimosa* (1), *Modelo* (1), *Muñeca* (1), *Paisana* (1), *Parrula* (13)[33], *Perla* (5)[34], *Pitufa* (2), *Pitusa* (3), *Preciosa* (3), *Princesa* (1), *Pulida* (1). Contrastando cos nomes citados recollemos *Becho* (1) e *Fea* (1).

5.8. Idade

A longa vida dun bovino adoita segmentarse en distintas etapas, que dependen do tempo de vida e da aparición de determinados atributos, durante as cales recibe diferentes denominacións. As crías de poucos meses son os *cuxos, cuchos, puchos* ou *buchos* (cos seus diminutivos). Cando esas crías xa van máis grandes reciben o nome de *becerros*, *tenreiros*, *vitelos* e *xatos*. As vacas de entre máis ou menos dous ou tres anos son as *xovencas* ou *novelas*. Se unha vaca porta algún destes substantivos como vacónimo, é porque foi criada na casa, de xeito que lle quedou un dos apelativos con que se referían a ela.

Os vacónimos rexistrados foron: *Becerra* (4), *Bucha* (2), *Cucha* (6), *Cuxa* (11), *Nuvela* (2), *Xata* (4), *Xovenca* (6), *Xuvenca* (24). Ademais, recollémo-lo nome *Nova* (10) e *Vella* (1). A vaca *Vella* atestada tiña outro nome, pero nun determinado momento converteuse na máis vella do grupo e por iso trocou de denominación.

5.9. Carácter da vaca

O comportamento das vacas e a súa maneira de ser é algo fundamental para os seus donos, sobre todo cando ese comportamento lles reporta algún tipo de dano, tal e como reflicten os vacónimos: *Ardilla* (2) («é lista coma un allo»), *Artista* (1) (escapa sempre do prado), *Bailarina* (1) (salta demasiado), *Brava* (1), *Canguro* (1) (salta demasiado), *Chispa* (1) (corre moito), *Demonio* (1) (era moi mala), *Dormida* (1) (era demasiado lenta), *Larpeira* (1) (comía a comida das outras), *Montesca* (1) (brinca moito), *Mula* (1) (era moi testana), *Nerviosa* (2), *Olímpica* (1) (cando era

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 528

pequena saltaba demasiado), *Rápida* (1), *Rufa* (2) (é mala), *Tola* (1) (é doente), *Tora*[35] (1) (sempre andaba a turrar). Pero non tódalas vacas son rebeldes, algunhas son moi mansas, como a *Cordera* (1)[36]. As que eran moi tranquilas reciben o nome de *Pancha* (5), *Pachita* (1) ou *Panchita* (1) e *Talingo*[37] (1). Tamén as hai que son boas de gardar e por iso reciben o nome de *Pastora* (7).

5.10. Parentesco

Os nomes dos pais ou das nais dunha vaca poden servir de base para que o gandeiro cree novos nomes destinados ós novos membros vacúns. Se se toma como punto de partida o nome da nai do animal, recórrese ó sintagma *filla de + nome da nai* cando as dúas vacas conviven no mesmo lugar: *Filla da Broca* (1), *Filla da Negra de Souto* (1), *Filla da Paloma* (2), *Filla da Pelota* (1), *Filla da Pinta* (1), *Filla da Toura* (1). Pero no momento en que a vaca nai morre ou é vendida, a filla retoma o seu nome (isto sucedeu con catro *Gallardas* e cunha *Cuca* que rexistramos). En dous casos, a partir do vacónimo da proxenitora, creouse un novo nome mediante a adxunción dun sufixo: *Gabinola* (1) (filla de Gabina) e *Pichona* (1) (filla de *Picha*). Se, pola contra, é o nome do pai o que prima, o procedemento maioritario empregado para indica-la filiación é o da feminización do taurónimo mediante os distintos mecanismos de formación do feminino con que conta a nosa lingua: *Antonia* (1) (filla de Antón), *Camareta* (1) (filla de Camarón), *Chanela* (1) (filla de Chanel), *Gallarda* (1) (filla de Gallardo), *Landra* (1) (filla de Landro), *Limusina* (1) (filla de Limusín), *Marquesa* (1) (filla de Marqués), *Mecana* (1) (filla de Mecano), *Pachola* (1) (filla de Pacholo), *Pastora* (1) (filla de Pastor), *Romera* (1) (filla de Romero), *Tina* (1) (filla de Tino), *Viola* (1) (filla de Violo). Nalgúns casos o nome da vaca lembra lixeiramente o do pai: *Diana* (1) (filla de Dilán), *Dorada* (1) (filla de Ouro), *Lina* (1) (filla de Tino e irmá xemelga de Tina), *Nicola* (1) (filla de Nicolás).

Outros vacónimos indicadores de parentesco son *Gemela* (1) e a súa variante *Jamela* (1), que veñen motivados por seren as vacas así denominadas xemelgas doutra da vacada.

5.11. Xentilicios e topónimos

Moitas das vacas que posuían os nosos informantes foran compradas. O normal é que, cando isto sucede, a vaca en cuestión conserve o nome que lle puxera o seu dono anterior, pero, nalgunhas ocasións, o novo dono identifícaas co xentilicio do lugar de ónde procede o animal ou co propio nome dese lugar, que pode estar feminizado: *Alemana* (2), *Arzuana* (1), *Danesa* (1), *Francesa* (4), *Inglesa* (1), *Pastora* (1), *Pereira* (1) (veu do lugar de Pereira no Pino).

Sen ningún motivo que os explique: *Chinesa* (1), *Cubana* (2), *Marbella* (1).

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 529

5.11. Vacónimos cun modificador especificativo

Para evitar posibles confusións, empréganse vacónimos acompañados dun modificador especificativo referido á idade: *Marela Pequena* (1), *Negra grande* (1), *Negra pequena* (2), *Pepa Nova* (1), *Pepa Vella* (1); á cor: *Careta Negra* (1), *Santanderina Negra* (1), *Santanderina Blanca* (1); á procedencia: *Rubia de Monforte* (1), *Rubia de Teilán* (1), *Rubia de Santa Cruz* (1), *Negra de Souto* (1); á algún atributo físico: *Negra de Cornos* (1); a algún feito significativo na existencia da vaca: *Novilla Abortada* (1).

5.12. Outros

Neste grupo incluímos todos aqueles vacónimos que non entran nas clasificacións anteriores e para os que non nos deron ningunha xustificación nin nós a atopamos: *Bellota* (1), *Buty* (1), *Cacharela* (1), *Carita* (1), *Carola* (1), *Carrolina* (1), *Chunga* (3), *Flebis* (1), *Giralda* (1), *Gravita* (1), *Inge* (1), *Laiky* (1), *Lamara* (1), *Liolla* (1), *Migallas* (1), *Muiñeira* (1), *Muquena* (1), *Pacha* (1), *Pachanga* (1), *Patomita* (1), *Pirata* (1), *Raspita* (1), *Ribela* (1), *Romera* (5), *Ruana* (1), *Rura* (1), *Tila* (1), *Tuna* (1).

Romera é unha denominación tradicional (así nolo indicaron os nosos informantes), pero non conseguimos saber cál era o seu significado. Supoñemos que se trata dun forma castelanizada por *Romeira*, así e todo, nas obras de lexicografía galegas non se recolle para esta voz ningún significado relacionado cos bovinos e non cremos que teña que ver coas romarías. Polas informacións que nos ofreceron os enquisados, podería estar relacionado este vacónimo, co adxectivo *romo, -ma* 'sen punta', xa que un dos animais que o portan carecía de cornos. Tamén podería ter que ver co verbo *romar* 'turrar as vacas ou os bois'.

6. Frecuencia das formas onomásticas vacúas femininas.

Os vacónimos máis empregados son os que tentan reflecti-la cor da pel do animal, xa que supoñen o 44% dos nomes do noso corpus. Séguenlle a moita distancia os baseados en características físicas (19%), os que poñen de manifesto a idea que dos animais teñen os seus donos (9%), os que expresan idade (7%) e os que constitúen antropónimos (6%). Os vacónimos restantes representan só un 15% do total.

A seguir incluímos unha listaxe dos vinte vacónimos máis frecuentes: *Rubia* (44), *Marela* (44), *Pinta* (43), *Paloma* (40), *Linda* (37), *Gallarda* (36), *Negra* (34), *Careta* (29), *Toura* (28), *Mora* (27), *Parda* (25), *Xuvenca* (24), *Roxa* (23), *Morena* (22), *Cachorra* (17), *Blanca* (16), *Pequena* (15), *Parrula* (13), *Ratina* (12), *Mona* (12). De tódolos nomes, *Rubia* e *Marela* ocupan o primeiro posto por orde de frecuencia, seguidos moi de preto por *Pinta*. Estes datos son moi significativos e poñen de manifesto o feito de que as razas autóctonas foron suplantadas por razas foráneas de tal xeito que a súa presenza no noso territorio está máis ou menos equiparada.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 530

7. Onomástica vacúa masculina

Recollémo-lo nome de 64 machos vacúns, cantidade moi pequena en comparación coa das vacas. Actualmente, son poucos os que hoxe teñen un macho vacún na súa casa, o que contrasta enormemente co que sucedía outrora, cando en tódolos fogares rurais había, polo menos, unha parella de bois (que podían estar capados ou non). Os bois de traballo foron substituídos pola maquinaria agrícola e os sementais polas inseminacións artificiais.

A seguir presentamos unha listaxe dos nomes recollidos por orde alfabética e sen ningún tipo de explicación, xa que case todos estes nomes foron atestados para as femias: *Antón* (1), *Archival* (1), *Barroso* (1), *Cacheno* (1), *Cachorro* (4), *Camarón* (1), *Candelario* (1), *Castaño* (6), *Dilán* (1), *Fragarella* (1), *Gallardo* (4), *Garduño* (1), *Iraquí* (1), *Limusín* (1), *Lindo* (3), *Machote* (1), *Marelo* (2), *Marqués* (2), *Mecano* (1), *Morito* (4), *Mouro* (1), *Navarro* (3), *Negro* (1), *Oscuro* (1), *Ouro* (1), *Pacio* (1), *Pachín* (1), *Pacholo* (1), *Pampín* (1), *Pardo* (2), *Pelegrín* (1), *Perico* (1), *Pichón* (1), *Pinto* (1), *Pitufo* (1), *Porto* (1), *Rambo* (1), *Romero* (1), *Rubio* (1), *Rufo* (1), *Teixo* (1), *Tino* (1), *Xovenco* (1).

8. Boónimos tirados de obras literarias e de estudos antropolóxicos galegos.

Moitos dos bovinos que atopamos na poesía, no teatro ou na narrativa galega aparecen presentados mediante un nome propio. Estes nomes non son máis que o reflexo das tendencias denominativas que, para estes animais, funcionaron en distintas épocas do pasado e que aínda seguen a funcionar actualmente e das que os autores destas obras tiñan constancia.

O nomes recollidos suman un total de 58 vacónimos, pertencentes a 176 vacas, e 7 bovónimos e taurónimos referidos a 12 animais. A maioría dos nomes xa foron tratados ó longo deste traballo, por iso só citamos aqueles non mencionados anteriormente para así poder completar o corpus elaborado a partir das enquisas: a) color da pel: *Cerva*, *Fusca*, *Granada*[38], *Mourecha e Pardiña*; b) características físicas: *Caneluda* (que só ten canelas), *Gacha* (que ten as orellas dobradas cara adiante), *Gallada* e *Guiteira* (estes dous últimos sinónimos de *Galleira*); c) antropónimos: *Apis* e *Herus* (os dous nomes de bois), *Roxelia*; d) nomes comúns de animais: *Cutovía*; e) consideración positiva: *Benfeita*, *Graciosa*, *Infanta, Reina* e *Serrana*; f) razas: *Pisca*.

9. Conclusións

O gando vacún é e foi un importante recurso nas casas labregas, isto xustifica o desexo de individualizar estes animais mediante un nome propio axeitado ás súas características. A gran cantidade de nomes rexistrados para vacas, touros e bois constitúe un campo de estudo amplo, que xustifica a consideración dunha ciencia que os teña como obxecto de estudo, é dicir, a boonimia.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 531

O primeiro que cómpre salientar respecto da boonimia galega é que é un ámbito en que se pode atopar unha gran riqueza léxica, sobre todo no que se refire ó campo semántico da cor, xa que moitos son os adxectivos e substantivos que posúen o sema [+ indicativo de cor] que son empregados para expresa-las distintas cores e as súas diferentes tonalidades. Sirvan de exemplo os vacónimos que indican graos de tonalidade vermella: *Barroso*, *Cereixa*, *Cireixa*, *Ferreira*, *Guinda*, *Laranxa*, *Parda*, *Roxa*, *Rubia* e *Vermella*. Por outro lado, moitas voces que na lingua común non contan con ningunha ou con pouca vitalidade, aparecen revividas como vacónimos: *cabano, -na cachorra, -rro*, *cunchado, -da fusco, -ca*, *galana, -no*, *gallarda, -do*, *galleira, -ro*, *guiteira, -ro*, *pisco, -ca*. Polo tanto, a boonimia é unha fonte para a recuperación do léxico tradicional.

Na formación dos boónimos xoga un importante papel a creatividade e o enxeño popular. Cando un determinado campo semántico non pode cubri-las necesidades denominativas, a persoa que lles impón o nome ás vacas ou ós individuos machos incorpora a ese campo semántico voces que en principio non constitúen sememas dese campo. Por exemplo, para facer referencia ás cores da pel bótase man dos nomes comúns daqueles animais que posúen un pelame de cor semellante á do animal que se quere nomear: *Anduriña, Garduña, Garduño*, *Pomba, Toupa*. Para salientar algún aspecto do comportamento, tamén se recolle a certos animais moi significativos: *Canguro, Mula, Tora*. Cando na mesma vacada coinciden animais máis ou menos iguais, pódese botar man do emprego de sufixos, por exemplo *Blanca* e *Blanquiña*, que convivían na mesma explotación, ou da expresión do parentesco, por exemplo *Filla da Paloma*.

En canto ó grao de castelanización dos vacónimos actuais, chama a atención o feito de que non é tan acentuado como na antroponimia. Só un 10,5 % dos vacónimos rexistrados constitúen formas castelás.

A maioría dos procedementos denominativos actuais xa se poden atopar na Idade Media.

Polo que respecta ós boónimos máis tradicionais, constatamos como están a sufrir un proceso de desaparición. Algúns dos vacónimos rexistrados en documentos medievais (*Calva, Calveliña, Fremosa*), non aparecen no corpus con que traballamos. Outros, como *Garbosa*, *Gallarda* ou *Cachorra*, ocupan un posto de frecuencia máis alto na listaxe de boónimos literarios ca na listaxe feita a partir das enquisas, o que pon de manifesto o actual descenso do seu emprego. A redución dos boónimos está relacionada co pouco emprego desas voces como apelativos, coa perda da consciencia do seu significado aplicado ó gando vacún, de feito vacónimos moi tradicionais como *Graciosa*, *Guiteira* ou *Gallada* só os rexistramos nas fontes literarias e, sobre todo, coa súa substitución por un identificativo numérico.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 532

BIBLIOGRAFÍA

Aebischer, P. (1950): «Les couleurs de la robe des équidés et des bovidés et quelques noms de chevaux, de mules e de vaches d'après les chartes espagnoles et portugaises du moyen âge», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 6, 28-40.

Arias Abellán, C. (1994): *Estructura semántica de los adxectivos de color en los tratadistas latinos de agricultura y parte de la enciclopedia de Plinio.* Sevilla: Universidad de Sevilla.

Beggio, G. (1971-2): «I nomi dei bovini nella tradizione popolare», en *Atti e Memorie della Academia di Agricoltura, Scienze e Lettere di Verona,* serie IV, vol. XXII, 423-529.

Castro, X. (1992): «Porcos, ovellas e vacas na historia da dieta galega», *Grial* 113, 131-139.

CD = *Colección diplomática de Galicia Histórica*. Ano 1. 1901, Santiago. Tipografía Galaica.

DMontederramo = Documentos pertencentes ó mosteiro ourensán de Montederramo, edición dos cales está a ser preparada por D. Ramón Lorenzo Vázquez.

Fernández de Viana, J. I. et alii (1996): «El tumbo de Caaveiro», en *Cátedra* 3, 267-437.

Ferro Couselo, X. (1967): *A vida e a fala do devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, 2 vols. Vigo: Galaxia.

García, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago.

GDXL = Carballeira Anllo, X. Mª (coord.) & C. Ares Vázquez, C. Hermida Gulías, P. Iglesias Sierra, X. Mª Lema Suárez, R. López Fernández (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.

Loscertales de García de Valdeavellano, P. (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes,* 2 vols. Madrid: Servizo de Publicacións do Ministerio de Educación e Ciencia.

Lucas Alvarez, Manuel (1986): *El tumbo de san Julián de Samos (siglos VIII-XII).* Santiago: Publicacións de Caixa Galicia.

Lucas Alvarez, Manuel / Lucas Domínguez, P. (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática.* Santiago: Public. de Caixa Galicia.

Mariño Ferro, X. R. (2000): *Antropoloxía de Galicia.* Vigo: Xerais.

Rodríguez Fernández, P. (1983): «El léxico de la ganadería en la diplomática medieval del período astur (718-910)», *Boletín de Estudios Asturianos* 108, 87-97.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 533

Room, A. (1996): *An Alfhabetical Guide to the Language of Name Studies*. Lanham, Maryland: Scarecrow Press, Inc.

Saéz, E. / Sáez C. (1996): *Colección diplomática del Monasterio de Celanova (842-1230).* Tomo I (842-942). Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá de Henares.

Santamarina Fernández, A. (dir.) (2000): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

Tato Plaza, F.R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago: Consello da Cultura Galega

Varela Sieiro, J. (1993): «Consideraciones sobre los nombres de animal en documentos altomedievales del noroeste peninsular», *Actas I Congreso Internacional de Latín Medieval*. León: Universidad de León, 643-649.

Varela Sieiro, J. (1996): «El campo del color en documentos altomedievales de Galicia», en *De Roma al siglo XX*, I. Madrid: Sociedad de Estudios Latinos, 573-583.

NOTAS

1. Na onomástica conserváronse voces do léxico común galego que se perderon cos anos ou que sufriron os efectos da castelanización.
2. Aínda que a voz *bovinos* remite a unha subfamilia dos *bóvidos*, que inclúe non só animais domésticos (vacas, bois, touros) senón tamén animais salvaxes (búfalos e bisontes), cando facemos uso deste termo, estamos pensando nos animais domésticos.
3. Existe un estudo para os nomes dos bovinos en italiano feito por Beggio.
4. Hai que aclarar que en galego a oposición xenérica que se establece é a de *vaca / boi – touro*. Nesa oposición a diferenza existente entre os dous termos que conforman o polo masculino é que *touro* constitúe o termo marcado polo sema [+ reprodutor], mentres que *boi* asume tódolos valores da clase, tanto o de animal castrado destinado ó traballo como o de semental. A voz *touro* non está moi estendida na fala común, de feito os donos dos machos vacúns empregan maioritariamente a voz *boi* para referirse ós sementais. Case non quedan bois castrados nas casas aldeás galegas, xa que as súas misións de traballo pasaron a ser desenvolvidas polos aparellos mecánicos.
5. Para consultar exemplos e ampliar información véxase Arias (1994).

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 534

6. Hai que ter en conta que a individualización destes animais non era necesaria para o tipo de transacción realizada, de aí que as referencias xenéricas sexan as máis frecuentes.

7. Segundo Varela Sieiro o significado de *marceno* non está claro, mesmo proporciona dúas explicacións distintas en dous dos seus traballos. Cre que podería ser un derivado de MAURUS co sufixo *-eno* (1996: 580) ou estar relacionado co adxectivo *marxa-marza*, empregado para denominar un tipo de pega de cor parda (1993:647).

8. A voz *mostila* é propia do léxico medieval. Cremos que pode estar relacionada co latín MUSTELA 'donicela', pola cor dos referentes nomeados. En latín existía MUSTELINUS 'de doniña': *senex colore mustelino* 'vello con cara amarelada'.

9. En galego moderno *veiro, -ra*: de varias cores, pinto.

10. O adxectivo *bragado, -da* aplícase ós animais que posúen a braga dunha cor distinta á do resto do corpo.

11. *Fusco, -a* nos dicionarios galegos actuais consta como un adxectivo que fai referencia a unha cor escura, pouco clara, que tira a negra. Non obstante, no dicionario de Piñol, incorporado por Antón Santamarina no *Diccionario de diccionarios*, aparece: «Se aplica al buey de color negro con manchones blancos», pero non queda claro en qué parte do corpo se localizan as pintas. Tamén Aebischer (1950: 39) atesta nun documento catalán do século XI unha *vaca I que dicent Fosca*, sendo *fosc, -ca* en catalán 'escuro, -ra'. Arias Abellán (1994: 87), documenta o adxectivo *fuscus* en textos de autores latino-clásicos aplicado á pel dos bois e facendo alusión ó tinte escuro tirando a negro do ton marrón ou pardo da súa pel: «pilo totius corporis denso breuique, coloris...fusci», «pilo totius corporis denso ac breui, robei maxime coloris aut fusci».

12. A voz *muza* seguramente remite á carencia de cornos; así explica Beggio (1971-2:483) a *vacha mucia* que aparece nun documento notarial italiano altomedieval. Non atopamos esta voz recollida nos dicionarios galegos.

13. O adxectivo *vitulata* (ou variantes) procede do latín VITULUS 'tenreiro' e non se conservou no galego actual. Perfecto Rodríguez (1983:92) defende que a expresión *vaca vitulata* é a empregada nos documentos do medievo para referirse á vaca preñada, así e todo Jaime Varela (1993:647) afirma que non pode significar simplemente preñada, xa que para ese concepto existía o termo *pregnata, preniata* ou outras variantes; cre máis ben que se refire a unha vaca preñada pero tendo en conta a cría, que pode estar a punto de nacer, como un animal máis. De non ser así, considera o autor que non se podería entende-la cita «uaka uitulata I, item alia nobella et in totas tres...», que recolle nun documento da colección diplomática de San Vicente de Oviedo.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 535

14. O feito de non atopar case nomes propios medievais de vacúns non implica que fosen pouco frecuentes, xa que, como xa indicamos, nos documentos consultados non era imprescindible especificar tanto.

15. Agradacémoslle ó profesor D. Ramón Lorenzo que nos permitise consulta-los documentos do mosteiro de Montederramo dos que está a prepara-la súa edición e a Mª Carmen Pérez por face-las buscas que lle solicitamos. Os documentos consultados foron respectivamente o número 1631 e 1738 do Arquivo da Catedral de Ourense.

16. A carón de cada boónimo indicamos entre parénteses o número de ocorrencias. Ademais mantivemos sen homoxeneizar as distintas variantes dunha mesma voz (moitas veces unha variante non estándar é a única forma atestada), aínda que prescindimos da representación da gheada.

17. Incluímos nesta alínea aqueles nomes comúns de animal que deben a súa imposición á semellanza de cor entre o animal e a vaca designada. Cando o que se pretende destacar é outro aspecto relacionado coa forma de ser, os vacónimos foron incluídos na alínea *carácter da vaca*. Finalmente, cando un nome común de animal foi imposto sen ningún motivo aparente, incluímolo no grupo *nomes comúns de animais*.

18. Nalgúns casos *Mora* e *Morita* son os nomes de vacas dunha cor escura indefinida, tirando a negro.

19. No dicionario de Franco Grande baixo esta voz aparece: «Raza de ganado vacuno, de pelo vermejo y mucosas rosadas, que tarda en medrar y es muy sobria».

20. A cor das vacas nomeadas con este vacónimo é semellante á do ferro enferruxado; é dicir avermellada.

21. Aínda que *Moreno, -na* pode significar 'negro' ademais de 'cor escura que tira a negro', incluímos este vacónimo e a súa variante *Murena* aquí debido a que maioritariamente se corresponde con vacas que teñen unha cor non clara en contraposición co branco, que non ten por qué ser negra e como os propios enquisados especifican é 'marrón clara', 'marrón escura', 'marrón brillante', 'marrón moi escura', 'castaña clara', 'parda agrisada'. Só en 5 ocasións os enquisados perciben esa cor como negra.

22. Só nunha ocasión o animal que portaba este vacónimo tiña pintas brancas combinadas con pintas roxas.

23. Esta é unha invención creada para pórlle nome a unha vaca de manchas negras e brancas cando na mesma explotación xa había outra vaca que portaba o vacónimo *Pinta*.

24. A vaca que portaba este nome non era de raza cachena, recibiu esa denominación por posuír uns cornos grandísimos como os dos individuos pertencentes a esa raza.

imprimir_actas_def 14/9/06 10:27 Página 536

25. O subliñado é noso.

26. Nun caso a pinta estaba localizada no bandullo.

27. Véxase García (2000) e GDXL.

28. X. R. Mariño Ferro (2000: 82) inclúe o nome *Redonda* no grupo de vacónimos que fan alusión ó porte e beleza destes animais. Esta pode ser outra explicación para o vacónimo, aínda que nós non rexistramos a tal xustificación.

29. O éxito desta forma como vacónimo pode estar relacionado co significado da voz 'xeitosa, boa'.

30. Aínda que non temos constancia de que Perica sexa un nome característico dunha vaca, si que aparece recollido *perico* nas obras lexicográficas antigas e actuais como un substantivo que designa un almallo.

31. Raza de cor branca típica da zona francesa de Borgogne.

32. As razas galega (ou rubia galega), cachena (zona do sudoeste ourensán: na Serra do Xurés, Serra lo Leboreiro, Montes do Quinxo) e vianesa (da zona de Viana do Bolo) son autóctonas.

33. Este vacónimo podería incluírse dentro da alínea da cor, posto que a súa belda-de física vai acompañada da presenza de dúas ou máis cores na súa pel.

34. Maioritariamente as vacas que portan este nome son brancas e negras, o que as fai bonitas ós ollos dos donos, probablemente por seren distintas das autóctonas.

35. Non incluímos este vacónimo xunto con *Toura* porque neste caso está claro que o nome vén motivado polo costume que esa vaca tiña de topa-las compañeiras.

36. A vaca *Cordera* máis famosa é a que aparece no conto de Leopoldo Alas *¡Adiós, Cordera!* Era un animal moi cariñoso e manso.

37. *Talingo* é unha voz que non rexistran os dicionarios galegos, pero que para quen impuxo ese nome significa 'parado, que anda moi amodo'.

38. O vacónimo seguramente remite á cor dos cereais maduros.